

INFORME SOBRE O ACOSO LABORAL NA NORMATIVA ACTUAL

O acoso no traballo, segundo a normativa existente, defínese como a situación na que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

Na lexislación actualmente en vigor, que se detalla a continuación, cando non se contempla de forma explícita, se inclúe dentro del concepto de discriminación cuxa responsabilidade, sexa administrativa, laboral ou penal recae non soamente na persoa que directamente a leva a cabo senón, ademais a que dá a orde para que se efectúe.

Polo tanto ante estas situacións discriminatorias pódense levar a cabo as correspondentes denuncias que, salvo nos procesos penais, cando o acoso é por razón de sexo invértese a carga da proba, e dicir que corresponderá á persoa demandada probar a ausencia de discriminación

Algunhas empresas poñen en práctica accións encamiñadas á prevención deste tipo de discriminación laboral e contan cun protocolo de intervención nos casos de acoso sexual definido como calquera comportamento verbal, no verbal ou físico de contido sexual contra a dignidade da persoa e ofensivo e/ou degradante. Esta é unha, condición indispensable para a concesión da Marca Empresarial de Excelencia Galega en Igualdade.

A lexislación vixente soamente obriga a contemplar as accións sinaladas no parágrafo anterior ás Administracións Públicas, negociado coa representación legal das traballadoras e traballadores e referido ao acoso laboral.

No caso das empresas, a normativa indica que se *deberán promover* estas medidas y que *poderán establecer* pautas negociadas con los representantes laborales, como elaboración de códigos de buenas prácticas, campañas informativas, accións de formación, etc.

REGULACIÓN LEGAL

NORMATIVA INTERNACIONAL:

Declaración Universal dos dereitos humanos . Adotada e proclamada pola Asemblea Xeral 217 A (iii) do 10 de decembro de 1948.

NORMATIVA COMUNITARIA:

Recomendación do Consello CEE de novembro de 1991 relativa á protección da dignidade de homes e mulleres no Traballo e o Código de Conducta sobre medidas para combatir o acoso sexual.

Resolución do Parlamento Europeo 2001 de 20 de setembro, na que se solicita dos Estados membros que co obxecto de loitar contra o acoso moral e o acoso sexual no Traballo, revisen a súa legislación vixente e, de ser o caso a complementen.

Directiva do Consello 2004/113/CE de 13 de decembro de 2004 pola que se aplica o principio de igualdade de trato en homes e mulleres ao acceso a bens e servizos o seu suministro.

A Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á aplicación do principio do igualdade de trato entre homes e mulleres no asuntos de emprego e ocupación.

Acordo marco sobre o acoso e a violencia nos lugares de traballo suscrita no contexto de diálogo social asinado o 26 de abril de 2007 suscrita polos interlocutores sociais europeos.

NORMATIVA ESTATAL:

Constitución Española : Artigos 1.1. - 9.2 – 14 -18.1 – 35.1 – 53.2

Estatuto dos Traballadores: Artigos 4.2.- 50 - 54

Estatuto básico do empregado público: Art. 14. Dereitos individuais

Art. 95. Faltas disciplinarias

Reglamento regulador do acoso laboral na Administración de 5 de maio de 2011 publicado en xuño de 2011 en virtude da Resolución do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública.

Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde:

Art. 17. Dereitos individuais

Art. 72. Clases e prescricións das faltas.

Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais:

Art. 14. Dereito á protección fronte aos riscos laborais.

Normas técnicas de prevención do Instituto de Seguridade e Higiene en el trabajo NTP 823 : sistema de análisis triangular del acoso (SATA) , NTP 854: definición del acoso psicológico en el trabajo, NTP 507: acoso sexual en el trabajo.

Instrucción 104/2001 sobre Relaciones de la inspección de trabajo y Seguridad Social con la Fiscalía General del Estado en materia de ilícitos penales contra la seguridad y salud laboral.

Criterio técnico 34/2003 de la Dirección General de la Inspección de trabajo del Ministerio de trabajo y asuntos sociales.

Lei Orgánica 10/1995 de 23 de novembro do Código Penal español. (Modificado pola Lei Orgánica 5/2010 de 22 de xuño).

Art. 173 – sobre trato degradante e menoscabo da integridade moral do suxeito pasivo.

Art. 175. – 176 – mobbing dentro da Administración pública.

Art. 184. Do acoso sexual

Art. 316. De los delitos contra los derechos de los trabajadores.

Lei 5/2000 de 4 de agosto sobre Infraccións e sancións da Orde Social:

Art. 8. Infraccións moi graves. Puntos 11, 13 e 13 bis

Art. 12 . Infraccións graves. Punto 7

Art. 40 . Cuantía das sancións. Puntos 1c) e 2 b) c)

Lei de procedemento laboral:

Artigos 27.2 – 95.3 – 96 – 180.1 – 181

Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

Art. 7 . Acoso sexual e acoso por razón de sexo

Art. 9. Indemnidade fronte a represalias

Art. 10. Consecuencias xurídicas das condutas discriminatorias

Art. 12. Tutela judicial efectiva

Art. 13. Proba

Art. 14. Criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos

Art. 27. Integración do principio de igualdade na política de saúde

Art. 46. Concepto e contido dos plans de igualdade das empresas

Art. 48. Medidas específicas para previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no Traballo.

Art. 51. Criterios de actuación das Administracións Públicas

Art. 61. Formación para a igualdade

Art. 62. Protocolo de actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo.

Real Decreto Legislativo 1/1994 de 20 de junio de la Lei General de la Seguridad Social

Art. 115.2 sobre accidentes de Traballo

Art. 116 sobre enfermidades profesionais .

NORMATIVA AUTONÓMICA:

Lei 2/2007 de 28 de marzo do Traballo en igualdade das mulleres de Galicia

Art. 3. Discriminación directa e indirecta, acoso e acoso sexual. Aplicacións da Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006.

Art. 8.15 . Atribución a Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración Autónoma en materia de Traballo a vigilancia e cumprimento da lei.

Art. 22.2b. A comisión consultiva autónoma para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva. (A revisión primeira dos convenios colectivos, nos que se inclúen o acoso laboral, corresponde a Unidade Administrativa de Igualdade actual, na Consellería de Traballo e Benestar que ten que facelos chegar a esta comisión).

Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Capítulo IV / Art. 47 – 48 – 49 – 49 Bis – 50 – 51 – 52. As medidas de prevención e de sanción do acoso sexual.

Capítulo V/ Art. 53 – 54. A erradicación do acoso moral por razón de xénero.

Decreto 33/2009 de 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas públicas.

Decreto 181/2008 de 24 de xullo polo que se regula o Consello Galego de Participación das mulleres no emprego e nas Relacións Laborais e a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais.

OBSERVACIÓNS:

Na elaboración de informes dos convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero, esta Unidade Administrativa de Igualdade ven observando a este respecto as seguintes conclusións:

-- O acoso laboral apenas ten tratamento nos convenios colectivos, sobre todos nas empresas pequenas e mesmo familiares. Pola contra en empresas de certo tamaño, empresas a nivel autonómico, administracións públicas ou delegacións de empresas nacionais observase un maior tratamento da problemática.

-- Dentro de estas últimas, moi poucas inclúen a definición de acoso sexual e acoso por razón de sexo así como un procedemento de actuación para a súa prevención e tratamento dentro do marco do convenio colectivo.

-- Se ben tipifícanse nos textos como falta grave ou moi grave o acoso tanto moral como sexual no seu centro de traballo, moi poucas dispoñen dun protocolo de actuación fronte ao acoso así como o procedemento de actuación para a súa prevención e tratamento.

En xeral, observase que nos convenios colectivos fanse declaracións de intencións a este respecto pero sen ir máis alá.

Dentro das súas “ Follas de Prevencións” o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)” do mes de febreiro de 2010 no número 17 publica un estudo sobre o Acoso Psicolóxico no Traballo ou Mobbing asinado por Dña. María Paz Eyré Vázquez.

No ano 2008 prodúcese un intento de Proxecto de Lei contra o acoso laboral. O borrador do proxecto é presentado por D. Ramón Gimeno Lahoz.

Santiago de Compostela, xaneiro de 2012
Unidade Administrativa de Igualdade